

Rafael Lema. *Cemiterio de gaivotas*

Xosé María Álvarez Cáccamo

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (2011 [1994]). “Rafael Lema. *Cemiterio de gaivotas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 249-250. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1427>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

ÁLVAREZ CÁCCAMO, XOSÉ MARÍA (1994). “Rafael Lema. *Cemiterio de gaivotas*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1993, 249-250.

* Edición dispoñíbel desde o 14 de novembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

**Rafael Lema. *Cemiterio das gaiivotas*
A Coruña: Espiral Maior**

Xosé María Álvarez Cáccamo

Entre os libros de poesía publicados ao longo do ano 1993 cómpre destacar *Cemiterio das gaiivotas*, da autoría do xove poeta Rafael Lema, nacido na Ponte do Porto en 1967. Estréase exitosamente o poeta bergantiñán obtendo en 1992 o I Premio “Espiral Maior” con este título que agora reseñamos e que veu a luz na colección da editorial convocante do concurso, responsable no día de hoxe das entregas poéticas máis atractivas (por deseño, títulos e proxectos) de cantas chegan ao público.

Lema, diplomado en Imaxe e Medios Audiovisuais, colaborador en radio e prensa, presidente do colectivo ecoloxista PX, dirixe as follas poéticas “Blas Espín”, onde se congregan os novos escritores de Costa da Morte, un importante grupo de poetas dos que ten dado noticia Manuel Rivas en *Luzes de Galiza*.

A natureza mítica daquela terra que forneceu de escenarios grandiosos a Eduardo Pondal nutre cos seus ritmos de mar bravo e fantásticas atmosferas o discurso forte do *Cemiterio das gaiivotas*, un texto de base épica sen anécdota e formulación lírica, onde se vai desenvolvendo o debuxo dun atrevido itinerario simbólico. Lema non manexa un código de símbolos de base racional, senón máis ben os da difusa significación onírica da escrita surreal que foi incorporada ás poéticas galegas desde Cuña Novás e ten obtido resultados importantes en algúns poetas dos oitenta. Falo dunha órbita do surrealismo como eco de fondo, non do seguimento de ningunha liña de escola.

Organízase o conxunto en cinco *Viaxes* marítimas que se subdividen en *Singraduras*. Cada unha destas unidades de contido coincide co poema como

peza básica da estrutura editorial. Pero o poema interrompe frecuentemente o seu curso pola interferencia dunha serie de cuñas incrustadas no discurso a xeito de acoutacións teatrais. Son fragmentos dun caderno de bitácora que aporta a suxestión dun tecnolecto extraño e moi auténtico, xustificado máis pola forza da función máxica da linguaxe que pola intención comunicativa. Dito texto complementario funciona ao mesmo tempo como fío narrativo e marca de temporalidade en avance, conectando as distintas etapas do canto fragmentado.

O esforzo ordenador da experiencia múltiple nun texto único, organizado en suxerente solución estrutural, sen apoiatura narrativa, constitúe un dos valores do libro, que, ademais, afronta o reto de sintetizar en sinfonía coral o eco de moitas voces. O eu lírico e o nós, o ti autorreflexivo e a terceira persoa da enunciación falan con rexistros de confesionalidade ou denuncia de alcance social, desde un escenario de dimensións cinematográficas, un pouco artificioso por momentos. A imaxe de procedencia expresionista, a reflexión existencial, a literatización vivenciada (homenaxes á óptica imaxinativa de Manuel Antonio ou á dicción onírica do Lorca de *Poeta en Nueva York*) arroupan a confesión íntima do poeta que evoca a terra e a historia propia desde mar adentro.

Como o proxecto era moi ambicioso resultaron inevitables algunhas caídas no baleiro do verbalismo, da palabra innecesaria, pero o conxunto resiste moi ben, sostido no contraforte da estrutura e amoblado polo concurso das voces e das paixóns.

Rafael Lema anúnciase desde o *Cemiterio das gaviotas* como un dos poetas máis interesantes da última poesía galega, ese grupo no que sobrancean xa nomes como os de Arturo Casas, Chus Pato, Antón Rodríguez López, Anxo Angueira, Rafa Vilhar, Miro Vilhar, Xosé Manuel Vélez ou Martín Veiga.